

#Nigrán : Acto de NIGRÁN-DECIDE en Panxón

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 19 Maio 2015 18:03



O mércores 20, ás 20:30 horas, no local social da AVV "Monteferro", de PANXÓN, terá lugar un coloquio sobre a filosofía e o programa da candidatura NIGRÁN DECIDE. O acto será presentado pola candidata de Panxón, Carme Giráldez, e nel intervirá o candidato á alcaldía da agrupación, José Cuevas, quen, abordará temáticas que afectan á parroquia de Panxón. Entre elas, a agrupación adianta o debate sobre a posible recuperación para a veciñanza do Náutico de Panxón; o uso prioritario do porto para as embarcacións pesqueiras e as súas tripulacións; protección medioambiental para Monteferro; e o establecemento de aparcamentos para os vehículos dos residentes de Panxón, "que sofren graves problemas nas fins de semana e nos meses de veraneo".

Segundo o equipo organizador, a campaña de NIGRÁN DECIDE "está suscitando grande interese e curiosidade como ocorreu en Camos, Parada ou na Ramallosa".